

The background features several stylized faces drawn with thick purple lines. Each face has two circular eyes and a simple, curved mouth. The faces are partially visible, with some cut off by the edges of the frame. The overall color scheme is a monochromatic purple.

Colabora co dorsal solidario
da carreira Torre de Hércules:

**máis alá do
cancro de
mama**



Máis aló do cancro de mama: a importancia da calidade de vida e satisfacción da paciente

Co motivo das celebracións do 8 de marzo, este ano celebrábase a I Carreira Solidaria #QuerémonosVivas cun especial obxectivo: colaborar na mellora da calidade das condicións de vida das mulleres con cancro de mama. Así, desde o Concello da Coruña, por ini-

“
Ti podes apoiar ás preto de 8.000 mulleres con cancro de mama da área sanitaria pública da Coruña

ciativa da Concellaría de Igualdade e Diversidade e o Servizo de Deportes, quérese fomentar a difusión, o coñecemento e as achegas dun grupo de investigación para o desenvolvemento do seu Proxecto que mide a calidade de vida e satisfacción da muller con cada tipo de cirurxía mamaria. Coñecer a opinión da paciente permite saber a súa percepción sobre os procedementos e posibilidade a opción de mellora.

O cancro de mama converteuse no tumor máis frecuente entre as mulleres, cada ano diagnóstícanse 27.000 novos casos, pero a súa mortalidade redúcese paulatinamen-

te. Os índices de supervivencia están próximos ao 85% grazas á investigación e os novos tratamentos. Pero non, aínda que o pensemos, non todo é sobrevivir.

Colaborar nesta carreira solidaria permitirá aumentar o coñecemento do que senten as pacientes de cancro de mama, saber a súa percepción e poñernos un pouco na súa situación. Para mellorar, para ofrecerlles un mellor proceso médico e que a volta á súa vida diaria sexa o máis cómoda e levadía posible.

Este ano ti podes colaborar con todas as mulleres con cancro de mama.

Fotografía:
Otis Lois, Samuel
Vérez Escudero, María
Romero Suárez, José Manuel



O tratamento é só parte da solución

Este Proxecto analiza máis alá do proceso puramente quirúrxico: mediante uns cuestionarios específicos creados polo Memorial Sloan Kettering Cancer Center de Nova York e a Universidade de Columbia recollen información de moitísimas variables das pacientes. Incorpora aspectos tan importantes para a calidade de vida da muller como o aspecto sexual, a autoestima ou como percibe ela a súa imaxe corporal. Ademais da súa satisfacción cos coidados, co persoal médico, de ciruxía ou de enfermaría... Coñecer a opinión da

“
Colaborar nesta carreira solidaria é permitir que as mulleres con cancro de mama sigan sendo escoitadas, atendidas e reconfortadas

paciente permite saber a súa percepción sobre os procedementos e posibilidade a opción de mellora.

Toda esta información facilitada ofrece un abano inmenso de posibilidades de mellora para os procesos médicos, xa que permite coñecer de primeira man en que aspectos se ten que incidir para axudar a que as mulleres se sintan mellor, nunha situación tan delicada, como é afrontar un cancro de mama.

Para mellorar a calidade de vida e a satisfacción das pacientes é necesario achegar información e escoitar para optimizar os seus procesos, servizos e aprender da experiencia que lles contan as súas propias pacientes mediante a incorporación dos resultados e as respostas achegadas aos

procesos clínicos.

O cancro en xeral e o de mama en particular afecta dunha maneira exponencial sobre o corpo e psicoloxía das mulleres. Afrontar esta nova situación comporta un tempo que varía en cada paciente e feitos como mirarse ao espello, vestirse ou mesmo saír á rúa son escenarios que se afrontan desde a inseguridade, a incerteza e, mesmo, o medo.

O 22% das sobreviventes do cancro padecen depresión. Agora mesmo, ademais do resultado clínico hai que atender máis campos. As pacientes teñen moito que contar e é fundamental analizar de xeito pormenorizado toda a información que achegan.

Fotografía:

Álvarez García, Jennifer
Díaz Arrieta, Dimelza
Lafuente González, Helena
López García, Íria
Vega Barro, Alejandra



Proxecto pioneiro de referencia internacional

Apoiar nesta carreira supón colaborar coas mulleres con cancro de mama e cun equipo médico multidisciplinar coruñés, pioneiro no seu labor que recibe visitas nacionais e internacionais para coñecer os seus traballos. Trátase dun equipo integrado por persoal de radioloxía, cirurxía, oncoloxía, patoloxía, enfermaría, entre outras disciplinas. O seu proceso de atención á paciente é innovador desde o principio xa que traballan en colaboración con elas e

“
*Non, aínda
que o pensemos,
non todo é
sobrevivir ao
cancro*

“
*A
reconstrución
mamaria non
é só cirúrxica,
tamén ten
que selo física,
psicolóxica,
social e sexual*

a decisión sobre o tratamento a recibir é acordada entre o equipo médico e a paciente, converténdola no centro sobre o que xira o proceso médico e os coidados.

Os cuestionarios cumprimentados achegan a información suficiente para saber o que ela necesita. Durante moitos anos as mulleres recibiron as indicacións médicas de manual, sen ter en conta a súa opinión. Grazas ás investigacións levadas a cabo e que aplícanse á clínica, esta situación mudou e agora a muller é quen determina que elixe dentro das opcións médicas que ten á súa disposición.

Este tipo de proxectos son fundamentais para o coi-

dato e atención das case 8.000 pacientes diagnósticas con cancro de mama na área sanitaria pública da Coruña. Porque non abonda con coñecer os aspectos físicos ou estéticos: a reconstrución mamaria non é só cirúrxica. Tamén ten que selo física, psicolóxica, social e sexual.

Por todo isto, participar e colaborar nesta carreira solidaria é permitir que as mulleres sigan sendo escoitadas, atendidas e reconfortadas.

Fotografía:
Caramelo Manzano, Claudia
Fandiño Díaz, Sara
García Morán, Mayka
Bouzas Barcala, Antonio Luís

<http://www.micancerdemama.com/>



CORUÑA
>PRÓXIMA

